

## 5.2.- IDIOMA EN QUE LLE APRENDERON A LER

### Idioma en que lle aprenderon a ler segundo sector

O galego como lingua de aprendizaxe para ler conta coas mellores porcentaxes no colectivo do alumnado, seguido do PAS e o PDI. Aínda así, en xeral as porcentaxes son moi baixas: 6,18 % dos/as alumnos/as, 1,15% do PAS e 0,54% do PDI.

Hai que destacar a alta porcentaxe de alumnado que aprendeu a ler o galego e o castelán á vez (un 25%) mentres que o PAS (5,54%) e o PDI (2,89%) baixan moito. Isto débese a que temos un alumnado que pertence a xeración do uso do galego nas escolas.

En canto ao castelán como lingua de aprendizaxe na lectura ten as maiores porcentaxes nos sectores do PDI e PAS. Aínda así, tamén é moi elevada no caso do alumnado.

En que lingua lle aprenderon a ler?		Sector		
		Alumnado	PDI	PAS
Galego	<i>Reconto</i>	124	3	5
	% de sector	6,18	0,54	1,15
Castelán	<i>Reconto</i>	1341	523	398
	% de sector	66,78	94,58	91,92
As dúas	<i>Reconto</i>	509	16	24
	% de sector	25,35	2,89	5,54
Outras	<i>Reconto</i>	32	11	6
	% de sector	1,59	1,99	1,39
NS/NC	<i>Reconto</i>	2	0	0
	% de sector	0,10	0,00	0,00
<b>Total</b>	<i>Reconto</i>	2008	553	433
	% de sector	100,00	100,00	100,00

### Comparativa entre universidades

#### Alumnado


O alumnado da Universidade da Coruña conta coa mellor porcentaxe na aprendizaxe da lectura en galego, cun 6,18% fronte ao 1,80% da USC, e 1,30% da UV. A diferenza probablemente se deba a que o uso do galego na escola e nos institutos estase incrementando e no ano 1995, cando se fixo o estudo da USC e en 1996, en que se fixo na UV levaba menos tempo nas aulas que no ano 2003 en que se fixo o estudo da UDC.

A aprendizaxe nas dúas linguas –galego e castelán– conta cunha porcentaxe superior na Universidade da Coruña (25,35%), séguelle Vigo (23,40%), e a moita distancia a USC (só o 7,70%).

As porcentaxe de alumnos/as das tres universidades que teñen o castelán como lingua de aprendizaxe son altas, superiores ao 60%; destaca o

alumnado de Santiago de Compostela –88,90%–, séguelle o de Vigo –73,40%–, e cunha menor porcentaxe o alumnado da Coruña –66,78%–.


Comparativa de universidades. Sector alumnado. Lingua en que lle aprenderon a ler			
	% UDC-04	% USC-95	% UV-96
Galego	6,18%	1,80%	1,30%
Castelán	66,78%	88,90%	73,90%
As dúas	25,35%	7,70%	23,40%
Outras	1,59%	1,60%	1,20%
NS/NC	0,00%	0,00%	0,20%



## PDI

Ao colectivo do PDI aprendéronlle a ler practicamente en castelán a todas as persoas que o integran. O galego como lingua de aprendizaxe na lectura acada unha porcentaxe do 0,54% na Universidade da Coruña, Santiago ten un 1,10% e a de Vigo non ten ninguén. No caso de aprendizaxe da lectura nas dúas linguas as porcentaxe tamén son baixas nas tres universidades, aínda que un pouco superior na UV, seguida pola UDC e Santiago de Compostela.


Comparativa de universidades. Sector PDI. Lingua en que lle aprenderon a ler			
	% UDC-04	% USC-95	% UV-96
Galego	0,54%	1,10%	0,00%
Castelán	94,58%	95,00%	93,20%
As dúas	2,89%	1,10%	4,80%
Outras	1,99%	2,90%	0,80%
NS/NC	0,00%	0,00%	1,30%



## PAS

As porcentaxes de PAS ao que lle aprenderon a ler en galego son testemuñais nas tres universidades: 2,70% na USC, 1,20% na UV e 1,15% na UDC. Os/as que aprenderon a ler nas dúas linguas nas universidades da Coruña e Vigo amosan a porcentaxe do 5,54 e a do 5%, mentres que o PAS da Universidade de Santiago de Compostela non chega ao 1%. Así, a maioría do PAS aprendeu a ler en castelán.

Comparativa de universidades. Sector PAS. Lingua en que lle aprenderon a ler			
	% UDC-04	% USC-95	% UV-96
Galego	1,15%	2,70%	1,20%
Castelán	91,92%	94,70%	91,90%
As dúas	5,54%	0,80%	5,00%
outras	1,39%	1,70%	0,40%
NS/NC	0,00%	0,00%	1,90%



## Idioma en que aprenderon a ler segundo as condicións sociais de existencia

As características das condicións sociais de existencia dos/as alumnos/as que aprenderon a ler en galego nunha maior porcentaxe son as seguintes: entre 17 e 20 anos –o que nos indica que o proceso de normalización lingüística está dando algúns froitos aínda que pequenos–, nados nunha aldea de Galicia, cos pais con estudos primarios incompletos, fillos de labregos-gandeiros, consideran Galicia como unha nación–Estado, considéranse só galegos e pertencen ao primeiro ciclo de carreira universitaria.

### ALUMNADO: IDIOMA EN QUE APRENDERON A LER SEGUNDO AS CONDICIÓNS SOCIAIS DE EXISTENCIA

(Grao de significación: .05)

<b>Condicións sociais de existencia</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>	<b>As dúas</b>	<b>Outras</b>	<b>NS/NC</b>
<b>Idade</b>					
17 a 20 anos	8,27	62,60	27,82	1,18	0,13
21 a 23 anos	5,62	64,20	28,53	1,51	0,14
24 a 25 anos	4,41	73,22	19,32	3,05	
26 a 29 anos	2,27	82,39	14,20	1,14	
Maiores de 29 anos	6,52	76,09	15,22	2,17	
<b>Lugar de nacemento</b>					
Cidade de Galicia	2,88	73,01	23,75	0,19	0,19
Vila de Galicia	8,35	60,38	31,26		
Aldea de Galicia	20,07	44,44	35,48		
Resto de España	0,68	85,62	9,59	4,11	
Fóra de España	1,16	60,47	10,47	27,91	
<b>Anos que leva residindo en Galicia</b>					
Primeiro ano		58,33		41,67	
Entre 1 e 5 anos		89,19		10,81	
Entre 6 e 10 anos	2,27	86,36	2,27	9,09	
11 e máis anos	1,36	70,75	22,45	5,44	
<b>Estudos do pai</b>					
Primarios incompletos	10,69	58,49	28,30	2,52	
G. escolar, EXB, B. elemental	7,87	63,81	27,18	1,00	0,14
Secundaria, BUP, FP	4,71	66,88	26,22	2,04	0,16
Universitarios	4,47	73,98	20,12	1,42	
<b>Estudos da nai</b>					
Primarios incompletos	12,72	61,27	24,28	1,73	
G. escolar, EXB, B. elemental	6,73	63,97	27,72	1,35	0,22
Secundaria, BUP, FP	4,26	70,21	23,79	1,74	
Universitarios	4,83	71,26	22,22	1,69	
<b>Ocupación do pai</b>					
Empresario con empregados/as	3,29	65,79	27,96	2,96	
Autónomo	5,60	68,10	24,14	2,16	
Empregado con titulación	5,38	70,21	23,10	1,18	0,13
Empregado sen titulación	9,09	62,44	27,51	0,72	0,24

Labrego/gandeiro	24,32	45,95	27,03	2,70	
<b>Ocupación da nai</b>					
Empresaria con empregados/as	2,15	70,97	24,73	2,15	
Autónoma	7,91	64,75	24,46	2,88	
Empregada con titulación	5,38	70,52	21,71	2,39	
Empregada sen titulación	8,27	62,59	28,42	0,72	
Labrega/gandeira	18,37	55,10	24,49	2,04	
Ama de casa	4,55	68,18	26,17	0,96	0,14
<b>Sector da actividade do pai</b>					
Agricultura, gandaría, pesca	14,09	52,35	32,89	0,67	
Construción	10,99	64,10	24,18	0,37	0,37
Industria	5,46	64,41	29,26	0,66	0,22
Servizos, comercio, etc	3,79	70,62	23,13	2,46	
<b>Sector da actividade da nai</b>					
Agricultura, gandaría, pesca	15,66	50,60	33,73		
Construción	5,88	82,35	11,76		
Industria	8,49	58,49	32,08	0,94	
Servizos, comercio etc.	5,31	68,07	24,90	1,72	
<b>Concepción de Galicia</b>					
Rexión	4,18	69,04	23,01	3,77	
Autonomía	4,93	69,09	24,65	1,33	
País	10,44	61,54	27,47	0,55	
Nación-Estado	12,45	59,23	26,18	1,72	0,43
<b>Que se considera fundamentalmente?</b>					
Só galego/a	19,38	51,10	29,07	0,44	
Máis galego/a que español/a	6,43	61,12	32,13	0,16	0,16
Igual galego/a que español/a	3,78	70,89	24,33	0,89	0,11
Máis español/a que galego/a	1,14	88,64	7,95	2,27	
Só español/a		89,61	6,49	3,90	
Outras	5,62	65,17	16,85	12,36	
<b>CURSO</b>					
1º Ciclo	7,23	63,72	27,70	1,22	0,14
2º Ciclo	3,24	75,19	18,89	2,67	

As condicións de existencia dos membros do PDI aos que lles aprenderon a ler galego nunha maior porcentaxe cos outros grupos son: os menores de 33 anos, os que naceron nunha aldea de Galicia, os que teñen pais labregos-gandeiros, e os que se consideran só galegos.

**PDI: IDIOMA EN QUE APRENDERON A LER SEGUNDO AS CONDICIÓNS SOCIAIS DE EXISTENCIA**

(Grao de significación: .05)

<u>Condicións sociais de existencia</u>	Galego	Castelán	As dúas	Outras
<b>Idade</b>				
Menores de 33 anos	1,02	88,78	9,18	1,02
Entre 33 e 43 anos	0,83	96,27	1,66	1,24
Maiores de 43 anos		95,33	1,40	3,27
<b>Lugar de nacemento</b>				
Cidade de Galicia		96,71	3,29	
Vila de Galicia		97,14	2,86	
Aldea de Galicia	6,82	84,09	9,09	
Resto de España		96,04		3,96
Fóra de España		79,41		20,59
<b>Ocupación do pai</b>				
Empresario con empregados/as		91,67	4,17	4,17
Autónomo		90,00	6,67	3,33
Empregado con titulación	0,45	96,82	1,36	1,36
Empregado sen titulación		95,61	3,51	0,88
Labrego/gandeiro	13,33	86,67		
<b>Ocupación da nai</b>				
Empresaria con empregados/as		85,71	14,29	
Autónoma		92,31	3,85	3,85
Empregada con titulación		97,96		2,04
Empregada sen titulación		91,67	2,78	5,56
Labrega/gandeira	11,11	77,78	5,56	5,56
Ama de casa	0,31	95,63	3,13	0,94
<b>Sector da actividade do pai</b>				
Agricultura, gandaría, pesca	4,00	88,00	4,00	4,00
Construción	1,82	94,55	3,64	
Industria		96,04	3,96	
Servizos, comercio etc.		95,09	2,45	2,45
<b>Sector da actividade da nai</b>				
Agricultura, gandaría, pesca	6,90	82,76	6,90	3,45
Construción		100,00		
Industria		84,62	7,69	7,69
Servizos, comercio etc.		94,82	2,91	2,27
<b>Que se considera fundamentalmente?</b>				
Só galego/a	2,86	91,43	5,71	
Máis galego/a que español/a		94,59	4,50	0,90
Igual galego/a que español/a	0,70	96,52	2,79	
Máis español/a que galego/a		100,00		
Só español/a		100,00		
Outros		85,51	1,45	13,04

As condicións de existencia dos membros do PAS aos que lles aprenderon a ler galego nunha maior porcentaxe que aos outros son: os que teñen de 33 a 43 anos, os que naceron nunha aldea de Galicia, de pais labregos, os que se consideran máis galegos que españois ou igual de galegos que de españois e os pertencentes á categoría profesional do grupo I.

**PAS: IDIOMA EN QUE APRENDERON A LER SEGUNDO AS CONDICIÓNS SOCIAIS DE EXISTENCIA**

(Grao de significación: .05)

<u>Condicións sociais de existencia</u>	Galego	Castelán	As dúas	Outras
<b>Idade</b>				
Menores de 33 anos	0,99	83,17	13,86	1,98
33 a 43 anos	1,97	92,61	3,94	1,48
Maiores de 43 anos		99,07		0,93
<b>Lugar de nacemento</b>				
Cidade de Galicia	0,83	94,17	5,00	
Vila de Galicia	1,16	90,70	6,98	1,16
Aldea de Galicia	3,57	87,50	8,93	
Resto de España		91,43	2,86	5,71
Fóra de España		81,25		18,75
<b>Ocupación da nai</b>				
Empresaria con empregados/as		83,33	8,33	8,33
Autónoma		94,12		5,88
Empregadas con titulación		95,45	4,55	
Empregadas sen titulación	2,50	87,50	10,00	
Labrega/Gandeira	10,00	85,00	5,00	
Ama de casa	0,79	93,28	5,14	0,79
<b>Sector da actividade do pai</b>				
Agricultura, gandaría e/ou pesca	2,44	92,68	4,88	
Construción		82,50	12,50	5,00
Industria	1,20	93,98	3,61	1,20
Servizos, comercio etc.		95,81	3,26	0,93
<b>Que se considera fundamentalmente?</b>				
Só galego/a		<b>100,00</b>		
Máis galego/a que español/a	1,96	89,22	7,84	0,98
Igual galego/a que español/a	1,28	91,45	6,84	0,43
Máis español/a que galego/a		100,00		
Só español/a		100,00		
Outras		84,62		15,38
<b>Categoría profesional. Laborais</b>				
Grupo I	4,17	87,50	4,17	4,17
Grupo II		88,89	7,41	3,70
Grupo III		75,00	22,92	2,08
Grupo IV-A		100,00		
Grupo IV-B		97,73	2,27	